

PROBA DE APTITUDES MUSICAIS PARA ACCEDER AO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

NORMAS XERAIS

- Os aspirantes serán convocados en **chamamento único** á hora asignada non podéndose cambiar dita hora.
- Os aspirantes esperarán na entrada do conservatorio á hora establecida a ser recollido por un profesor/a. A proba durará uns **10 min.** aproximadamente. Despois o profesorado acompañará aos aspirantes ao lugar de encontro, onde serán recollidos polos seus acompañantes.
- Queda totalmente **prohibida a entrada dos/as acompañantes** ao interior do Centro.
- Cada aspirante debe vir provisto dun **lapis** para a realización da proba.
- Deberase atender ás instrucións dadas polo persoal do conservatorio.

CONTIDOS

Test rítmico (10 ítems – 40% da nota final): O profesor/a tocará cun lapis ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.

Test de entoación (10 ítems – 40% da nota final): O profesor/a cantará un movemento melódico e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.

Test de psicomotricidade (5 ítems – 20% da nota final): O profesor/a realizará exercicios con alternancia das dúas mans; exercicios con alternancia de mans e pes; exercicios con percusión corporal que o aspirante terá que repetir.

Todos os test serán realizados por imitación, insistindo na marcha regular do pulso.
Ningún test será eliminatorio.

Os contidos dos test están adaptados ás diferentes idades dos aspirantes e aos aspirantes con necesidades educativas especiais. A proba cualificarase de forma global e numérica **de 1 a 10 puntos**, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

Cualificarase **ata un decimal.**

ADXUDICACIÓN DE INSTRUMENTO

a) Despois de realizar a proba de aptitude, adxudicaranse as prazas, por especialidade, aos aspirantes que acadaran de nota media como mínimo un cinco, sempre de maior a menor puntuación. É dicir, **cada aspirante colocarse por orde de puntuación na especialidade elixida**. En caso de que dous aspirantes obteñan a mesma puntuación, terá preferencia o aspirante de **menor idade**.

b) Os aspirantes aprobados sen praza pasarán a unha **lista de espera na especialidade instrumental solicitada**, ordenada segundo a puntuación obtida na proba de aptitude.

c) **Se quedase algunha praza por cubrir** nunha especialidade instrumental na que se esgotase ou non existira lista de espera, **ofrecerase por rigoroso orde de puntuación independentemente da especialidade solicitada** en primeira instancia. Para iso os aspirantes aprobados sen praza serán convocados a unha reunión para dita adxudicación.

d) As prazas ofertadas para os aspirantes con **necesidades educativas especiais** adxudicaranse tendo en conta a preferencia do aspirante e a valoración do tribunal sobre a adecuación das capacidades específicas de cada aspirante en relación coas distintas especialidades instrumentais. **Esas tres prazas restaranse das ofertadas na quenda libre.**

f) Os aspirantes que obtiveran praza deberán formalizar a matrícula para o vindeiro curso 2023-2024 os días 6, 7 e 8 de xuño , en horario de 9:30 a 13.00 h da seguinte maneira:

DÍA 6 DE XUÑO: VENTO MADEIRA E VENTO METAL.

DÍA 7 DE XUÑO: CORDA, PERCUSIÓN E ACORDEÓN.

DÍA 8 DE XUÑO: PIANO, GUITARRA, ARPA, GUITARRA ELÉCTRICA, BAIXO ELÉCTRICO E CLAVE.